



PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE O USO DA MÁSCARA

1.- Onde é obrigatorio seguir usando a máscara?

- Nos centros e servizos sanitarios (incluíndo o transporte sanitario), así coma nas oficinas de farmacia e boticas. Pode consultar as definicións contidas no [Real Decreto 1277/2003, de 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios](#).
- Nos centros sociosanitarios de carácter residencial.

2.- Quen ten excepción para o uso da máscara?

- Persoas menores de 6 anos.
- Persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara.
- Persoas que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara.
- Persoas que presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- Persoas residentes en centros sociosanitarios.
- Persoas ingresadas en centros sanitarios cando estean na súa habitación.
- Cando a propia natureza da actividade resulte incompatible co uso da máscara.

3.- Quen debe usar a máscara nos centros e servizos sanitarios, farmacias e boticas?

- Persoas traballadoras.
- Persoas usuarias.
- Visitantes e acompañantes.
- No caso dos centros sanitarios con internamento, persoas ingresadas mentres se atopen fóra da súa habitación.

4.- Quen non ten que usar obrigatoriamente a máscara en centros e servizos sanitarios, farmacias e boticas?

- As persoas con excepción xeral para o uso da máscara (ver pregunta 2).
- As persoas ingresadas mentres permanezan na súa habitación.

5.- É obrigatorio usar a máscara no transporte sanitario?

Si, posto que o transporte sanitario defínese no Real Decreto 1277/2003 como a unidade asistencial que ten por obxecto o desprazamento de persoas enfermas, accidentadas ou por outra razón sanitaria, en vehículos terrestres, aéreos ou marítimos, especialmente acondicionados a tal efecto.



6.- En que centros sociosanitarios continua sendo obrigatorio o uso da máscara?

Nos centros sociosanitarios con internamento. Non obstante, dado que o obxecto do real decreto é limitar o uso obrigatorio da máscara aos ámbitos nos que a transmisión comportaría un maior risco e podería xerar abrochos en persoas vulnerables, debe terse en conta que os centros sociosanitarios con internamento que se consideran [ámbitos vulnerables](#) son as residencias de maiores e os centros de discapacidade.

7.- Nos centros de discapacidade tamén continua sendo obrigatorio?

Só nos centros de discapacidade con internamento.

8.- Quen debe usar a máscara nos centros sociosanitarios?

- Persoas traballadoras en contacto con residentes e nas zonas compartidas.
- Visitantes e acompañantes en zonas compartidas.

9.- En que centros sociosanitarios deixa de ser obrigatorio o uso da máscara?

Nos centros de día e en calquera outro centro sociosanitario sen internamento.

10.- Poden obrigarme a seguir usando a máscara no posto de traballo?

Si, posto que os responsables en materia de prevención de riscos laborais, de acordo coa correspondente avaliación de riscos do posto de traballo, poderá determinar as medidas preventivas adecuadas que daban usarse no posto de traballo ou en determinados espazos do centro, incluíndo o uso da máscara.

11.- A quen se recomenda seguir usando a máscara?

- Persoas con sintomatoloxía compatible cunha infección respiratoria aguda ([casos sospeitosos](#)).
- Persoas diagnosticadas da COVID-19 ([caso confirmado](#)).
- Persoas que tiveron un contacto estreito cun caso da COVID-19 ([contacto estreito](#)).
- Persoas con alto risco de desenvolver unha infección grave polo SARS-CoV-2 ([grupos vulnerables](#)).
- Persoas que se atopen en lugares con alto risco de transmisión a persoas vulnerables, sobre todo en caso de abrocho ([ámbito vulnerable](#)).

Pode consultar aquí o texto completo do [Real Decreto 65/2023, de 7 de febreiro, por el que se modifica la obligatoriedad del uso de mascarillas durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por la COVID-19](#).

Tamén pode consultar aquí a [Estratexia de vixilancia e control do SARS-CoV-2 na etapa de transición en Galicia](#).